



San Martín de Suarna - San Martín de Suarna (San Martín) - A Fonsagrada, 1979-12

Informante: Florencio López Fernández, "o Cego dos Vilares" (65)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Fonsagrada I, 1, _____, Florencio 65 anos, Nadal 79

CD 44, 18 - 20

- P. III - Fías.

I,1, -P.III- Elas: Xa que tanto me reprendes,
rapaz, terei que deixarte,
cuando agora fas eso
¿qué fará: desque me case?.

Eles: A que case ~~me~~ comigo ?
tenche d'andar moi direita,
porque eu, se sei que dobla, ?
heille dar untura fresca.

Elas: Así fan todos os homes
cuando andan parrafeando,
todos parecen santiños,
logo, despois son deablos.

Eles: ~~Essa~~ farano algú
porqu'hai mulleres tan malas;
ó home danlle o caldiño ?
i elas comen as talladas.

Elas: Pois eu paus non che darei,
eso non che día cuidado
o que nunca ch'ha faltar
seranche bicos i abrazos.

Eles: Todo eso vai mui ben,
solo que faltan os cartos,
qu'estamos en tempos pobres
e non temos pra tabaco.

13
670 Muineira (Mi Maruxiña)

20 - N. IV - A gaita de Cristobo.

697. 1) Igel chamábase Cristobo,
un día vendeu a gaita,
e enfadouse a muller
porque lle facía falta.

19

IV 13 e
IV 24 b



CD 44, 20

- N. IX - A gaita de Cristobo.

I,1, -N.III-

- 2) "Pois non t'enfades, muller,
porque che vendín a gaita,
vendina porqu'era vella
e taba toda estropeada."
- 3) "Pois boa cousa ficeche,
sei que te tentou o demo,
xa podes marchar da casa
qu'eu sin gaita non te quero."
- 4) "Pois non t'asustes muller
porque che vendín a gaita,
hei de comprar outra nova
anqu' empenémo-la casa."
- 5) Ó outro ^{dia} Cristobo
veu ó scorecer prá casa,
saliulle a muller á porta,
por ver se levaba' a gaita.
- 6) É así que lle viu a nova
botoulle a manó punteiro:
"Esta sí que ch'é graciosa,
tirulero, meu gaiteiro."
- 7) "Pois esta noite, muller,
hámola tocar un pouco,
bailarémo-la jotaña
s'ó permite San Antóño."

- N. IV -